# VII MILLA POPULAR LOURENZÁ FIN DE ETAPA CAMIÑO NORTE

As Escolas Deportivas Lourenzá organizan, co patrocinio do **Concello de Lourenzá** e a colaboración da Federación Galega de Atletismo, a **VII Milla Popular Lourenzá Fin de Etapa Camiño Norte**, que terá lugar o sábado 1 DE XUÑO de 2024, a partir das 16:30 horas, na Praza Conde Santo de Lourenzá.

A presente edición contará, paralelamente, coa celebración do **XV Campionato Xunta de Galicia de Milla e 1 km en ruta**, do que se pode atopar o regulamento premendo na seguinte ligazón: Regulamento do Cto. de Galicia

Os circuítos estarán homologados, nas distancias de 1 km e milla, pola **Real Federación Española de Atletismo**.

## REGULAMENTO

### 1. PARTICIPANTES PROBAS POPULARES

Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA e atletas non federados, atendendo ás categorías que se indican no seguinte punto.

### 2. CATEGORÍAS PROBAS POPULARES

| CATEGORIA | ANOS | SEXO |
|---|---|---|
| **SUB 8** | 2017 e posteriores | **H / M** |
| **SENIOR** | De 2008 ata 34 anos , cumpridos o día da proba | **H / M** |
| **MASTER 1** | De 35 a 44 anos, cumpridos o día da proba | **H / M** |
| **MASTER 2** | De 45 anos en adiante, cumpridos o día da proba | **H / M** |

### 3. INSCRICIÓNS, PRAZO e PREZO

- **MILLA POPULAR e CATEGORÍA SUB 8**: a través da páxina web **www.carreirasgalegas.com** ata as 23:59 horas do **martes** anterior á competición.
  Só poderán acceder aos premios da popular os/as atletas que se inscriban na carreira popular.

- **CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA DE MILLA E 1 KM EN RUTA**: a través da plataforma **https://sdp.rfea.es** ata as 20:00 horas do **luns** anterior á competición.

**PREZOS**

- MILLAS POPULARES MASCULINA e FEMININA **5,00 €**
- SUB 8 e CAMPIONATOS DE GALICIA **GRATUÍTO**

## 4. HORARIOS (poderá sufrir modificacións segundo a inscrición)

| HORA | DIST | | Anos |
|---|---|---|---|
| 16:30 | 250 m | Categoría Sub 8 popular non competitiva | (2017 e posteriores) |
| 16:45 | 1 km | Campionatos Xunta de Galicia sub 10 masculino e feminino | (2016-2015) |
| 16:55 | 1 km | Campionato Xunta de Galicia sub 12 feminino | (2014-2013) |
| 17:05 | 1 km | Campionato Xunta de Galicia sub 12 masculino | (2014-2013) |
| 17:15 | 1 km | Campionato Xunta de Galicia sub 14 feminino | (2012-2011) |
| 17:25 | 1 km | Campionato Xunta de Galicia sub 14 masculino | (2012-2011) |
| 17:35 | 1 km | Campionatos Xunta de Galicia sub 16 masculino e feminino | (2010-2009) |
| 17:50 | ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS MENORES 1 KM EN RUTA | | |
| 18:10 | 1,609 km | Campionatos Xunta de Galicia Milla máster masculino | (M40-M45) |
| 18:25 | 1,609 km | Campionatos Xunta de Galicia Milla máster masculino | (M50 e superior) |
| 18:40 | 1,609 km | Milla popular masculina e feminina | (2008 ata máster) |
| 19:00 | 1,609 km | Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla feminino<br>Campionatos Xunta de Galicia sub 18, sub 20, e sub 23 feminino<br>Campionatos Xunta de Galicia Milla máster femininos | |
| 19:15 | 1,609 km | Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla masculino<br>Campionatos Xunta de Galicia sub 18, sub 20, e sub 23 masculino<br>Campionato Xunta de Galicia M35 | |
| 19:45 | ENTREGA DE PREMIOS DOS CTOS. XUNTA DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E PROBA POPULAR | | |

## 5. PREMIOS

**Probas populares:**

- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as, masculino e feminino, da milla popular senior, máster 1 e máster 2.
- ✓ A carreira sub-8 non será competitiva e non se farán clasificacións.

**Ctos. Xunta de Galicia:**

- ✓ Premio económico de **100, 50 e 25** euros ós Campións, Subcampións e 3º clasificado do Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla en Ruta.
- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as de cada Campionato de Galicia, segundo estableza a Federación Galega de Atletismo no seu regulamento.

## 6. APARCADOIROS, DUCHAS E VESTIARIOS

- Aparcadoiros: Disporase dunha amplia zona de aparcadoiros no centro da vila.
- Duchas: No Pavillón Municipal de Lourenzá.

## 7. ENTREGA DE DORSAIS

Os dorsais entregaranse no PORTALÓN DO CONCELLO ata 30' antes do inicio de cada proba.

## 8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

Todo o non recollido no presente regulamento resolverase segundo o que dispoñan os regulamentos da FGA, RFEA e World Athletics en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

**Todo participante, polo feito de inscribirse, permite que as imaxes, videos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrss e páxinas webs oficiais.**

## OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.